



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

• **CEIP "TERRA CHÁ"**

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

PROXECTO



EDUCATIVO

CEIP TERRA CHA

Informado polo Claustro de mestres/as: 9 de outubro de 2018.

Avaliado polo Consello Escolar: 9 de outubro de 2018.

Aprobado pola Dirección: 9 de outubro de 2018.

ÍNDICE.

CAPITULO 1: ASPECTOS XERAIS.

- **1. Datos identificativos do centro.**
 - **Características xerais.**
 - **Análise do contexto:**
 - a) Marco socioeconómico e cultural.
 - b) Marco xeográfico.
 - c) Contorna lingüística.
 - d) O Centro.
 - e) Oferta educativa.
 - f) Servizos Educativos Complementarios.
 - **Catálogo de postos de traballo docentes.**
 - **Postos de traballo non docentes.**
 - **Organigrama xeral do centro.**
 - **Concreción dunha estrutura.**
 - **Órganos colexiados de Goberno e de coordinación docente:**
 - a) Órganos Colexiados de Goberno do Centro: Claustro e Consello Escolar
 - b) Equipo directivo: dirección.
 - c) Órganos de coordinación docente.
 - **Horario do alumnado.**
 - **Necesidades educativas a satisfacer.**
- **2. Notas de identidade**
 - **Neutralidade Ideolóxica e Pluralidade.**
 - **Linguas de comunicación e aprendizaxe.**
 - **Valores principios e fins.**
 - **Publicidade do PE o conxunto da comunidade educativa.**
- **3. Obxectivos xerais.**
 - **Prioridades de actuación.**
 - **Procedementos de actuación.**
 - **Compromisos educativos entre as familias e o centro.**
 - **Relación familia-centro educativo: Reunión global a principios de curso.**
 - **Ausencia á clase e xustificación das faltas, así como as faltas de puntualidade e a súa xustificación**

CAPÍTULO 2: ASPECTOS ORGANIZATIVOS

- **1. Criterios para o agrupamento do alumnado e para a planificación educativa dos espazos e a organización do tempo en educación infantil.**
 - **Criterios de agrupamento**
 - **Planificación e organización de espazos en educación infantil.**
 - **Organización do tempo en educación infantil.**
 - **Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación en educación infantil.**
 - **Entrevista individualizadas coas familias**
 - **Visitas a aula e instalación do centro.**
 - **Mecanismos de colaboración coa familia establecidos antes e durante o curso académico.**

CAPITULO 3: ASPECTOS CURRICULARES.

- **1. Oferta educativa.**
 - **Oferta de materias troncais, específicas e de libre configuración en Educación Primaria**
 - **Horas de libre configuración en Educación Primaria.**
 - **Adecuación dos obxectivos o contexto socioeconómico e cultural do alumnado.**
 - **Obxectivos de educación infantil.**
 - **Obxectivos de educación primaria.**
 - **Lingua vehicular das materias.**
 - **Decisións xerais sobre a metodoloxía.**
 - **Liña metodolóxica xeral do centro.**
 - **Contribución da etapa o desenvolvemento das competencias clave/básicas.**

- Elementos transversais.
- Criterios sobre a avaliación do alumnado.

- 2. Criterios de avaliación do alumnado de Educación Infantil.
 - Con respecto á información ao alumnado e aos seus pais,nais, titores e titoras legais:
 - Momentos e tipos de avaliación.
 - Documentos oficiais de avaliación.
 - Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Criterios para a selección e uso dos recursos materiais en Educación Infantil.

- 3. Criterios de avaliación para a Educación Primaria.
 - Con respecto á información ao alumnado e aos seus pais,nais, titores e titoras legais:
 - Momentos e tipos de avaliación.
 - Documentos oficiais de avaliación.
 - Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Criterio de promoción de curso en Educación Primaria.
 - Criterios para outorgar as mencións honoríficas en Educación Primaria.
 - Plan de Reforzo para o alumnado repetidor ou con materias pendentes
 - Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas en educación primaria.
 - Estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe avaliáveis.
 - Criterios para a avaliación da práctica docente.
 - A acción titorial.

- 4. Liñas xerais de atención a diversidade.
 - Medidas organizativas.

CAPÍTULO 4: NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

- 1. PLAN DE CONVIVENCIA
- Ver documento anexo: *Plan de Convivencia*
- 2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA
- Ver documento anexo: *Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia*
- 3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- Ver documento anexo: ***Plan de Autoprotección***
- **4. PROXECTO LINGÜÍSTICO.**
- Ver documento anexo: **Proxecto lingüístico.**
- **5. PROXECTO LECTOR.**
- Ver documento anexo: **Proxecto lector.**
- **6. PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.**
- Ver documento anexo: **Proxecto de educación dixital.**
- **7. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.**
- Ver documento anexo: **Plan de convivencia**
- **8. PLAN XERA DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**
- Ver documento anexo: **Plan xeral de atención a diversidade.**
- **9. PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU CON MATERIAS PENDENTES**
- Ver documento anexo: **Plan de Reforzo para o alumnado repetidor.**

CAPÍTULO 4. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA.

- **1. Recursos educativos.**
 - **Espazos**
 - **Recursos TIC**
- **2. Proxecto de xestión económica**
 - **Xustificación de gastos**
 - **Comisión Económica**
- **3. Recursos complementarios.**

CAPÍTULO 5: AVALIACIÓN

- **1. Avaliación.**

Introdución.

O proxecto educativo do centro, e o documento organizativo base polo que se organiza, desenvolve e funciona un centro educativo. Neste documento recolleranse todo o referente a función pedagóxica do centro, a función organizativa e a función económica do mesmo. Polo que se dividirá dito proxecto en tres partes.

Autonomía pedagóxica: onde se recollen a concreción curricular do centro e os seus aspectos xerais.

Autonomía organizativa: que abarca principalmente os diferentes plans e proxectos que conforman o funcionamento do centro.

Autonomía económica: que trata todo o referente sobre a xestión económica do centro educativo.

A continuación veremos os grandes aspectos do proxecto educativo do centro.

CAPITULO 1:

ASPECTOS XERAIS.

I. **DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO:**

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

TIPO DE CENTRO	C.E.I.P. PÚBLICO
DENOMINACIÓN OFICIAL	TERRA CHÁ
SITUACIÓN XEOGRÁFICA	PARROQUIA DE ROMÁN
CONCELLO	VILALBA
PROVINCIA	LUGO
ENDEREZO	SEIVANE Nº 35, ROMÁN, VILALBA
CÓDIGO POSTAL	27841
TELEFONO	982.51.14.02
CÓDIGO DO CENTRO	27015827C

NÚMERO DE UNIDADES		
	CREADAS	FUNCIONANDO
DE EDUCACIÓN INFANTÍL:	1	1
DE EDUCACIÓN PRIMARIA:	3	5

ANÁLISE DO CONTEXTO:

A) Marco Socioeconómico e Cultural:

A zona que atende o Colexio inclúe as parroquias de: Rioaveso, San Lorenzo de Árbol, Carballido, Goiriz, Martiñán e Román. Nesta última está situado o Centro.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

A poboación e os asentamentos humanos distribúense en núcleos pequenos e dispersos, de aí que a case totalidade do alumnado sexa usuario dos servizos de transporte e comedor escolares.

Os servizos socio-profesionais e os equipamentos colectivos básicos en materia de sanidade, cultura, información, ocio, etc..., así como a maioría dos movementos culturais asociados, centralízanse na vila de Vilalba, quen representa no seu espazo circundante o punto de referencia para a actividade comercial e social actuando polo tanto de catalizador comercial e prestador de servizos.

A poboación da zona está composta por agricultores-gandeiros con explotacións de tamaño pequeno ou medio e, fundamentalmente, por obreiros sen cualificación que traballan na pequena industria ou en servizos nas localidades de Vilalba, As Pontes, etc..., e que compaxinan este traballo cunha actividade

agrícola e gandeira, fundamentalmente de autoconsumo. As labores da muller céntranse nas tarefas domésticas, tamén hai nais que traballan noutro tipo de servizos: perruquería, tendas, fábricas... O nivel sociocultural da poboación é medio-baixo, contando a meirande parte desta con tan só estudos primarios. Predominan as familias con un/dous fillos convivindo, na maioría das casas pais, fillos e avós, no núcleo familiar.

A estrutura lingüística da zona caracterízase por un predominio absoluto do Galego como lingua materna de uso cotiá na familia.

B) Marco Xeográfico:

A zona escolar pertencente ó C.E.I.P. "TERRA CHÁ" corresponde ó cadrante Leste do Concello de Vilalba. O Colexio está situado na parroquia de Román, no lugar coñecido como "Seivane". A zona na que se asenta é unha zona elevada, o cal, axudado pola orografía da Terra Chá, o converte nun centro moi venteado. Ademais áchase nun lugar bastante illado das casas veciñais.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

Estamos nunha zona rural bastante dispersa. Está perfectamente comunicada con outros núcleos de poboación, sobre todo coa capital do concello de Vilalba, da que se atopa a 7,3 km a donde hai que desprazarse para ter acceso ós servizos públicos mínimos como: garda civil, farmacia, centro médico e instituto de ensino secundario que recollerá os alumnos do colexio ó finalizaren a primaria.

C) Contorna lingüística.

Para determinar a lingua predominante no contorno, tivéronse en conta os seguintes aspectos:

- Enquisa inicial as familias sobre a lingua predominante na etapa de educación infantil, de acordo o Proxecto lingüístico do centro.

- Os datos da situación sociolingüística do centro, con información dos usos lingüísticos do profesorado, alumnado e persoal non docente.

- Observación directa da realidade do propio centro, fundamentalmente no que se refire á utilización da lingua galega en situacións informais dos membros da comunidade educativa.

Despois de analizar os resultados destes aspectos, destacamos que practicamente a totalidade do alumnado e galego falante, polo que ten perfectamente adquirida a lingua galega e utiliza no seu día a día. Debido a isto no Proxecto lingüístico do centro, dentro do apartado establecéronse unha serie de procedementos para acadar unha competencia lingüística en ambas linguas propias do nivel educativo.

D) O Centro:

O Edificio e Espazos Escolares.

O Edificio onde está ubicado o Centro é de construción relativamente recente (1984), xurdindo este colexio da agrupación escolar dun conxunto de escolas unitarias.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

A superficie ocupada polo edificio escolar, xardíns e patios de recreo é de 3.500 metros cadrados aproximadamente.

O edificio consta de dúas plantas. Na planta baixa están: dúas aulas de Educación Infantil; o); a sala de profesores/as; un despacho de Dirección e outro de Secretaría/ Xefatura de Estudos; comedor escolar, utilizado ocasionalmente para outras actividades; cociña; servizos de nenos/as, e profesorado; un dispensario médico, un vestíbulo e dúas escaleiras de acceso á primeira planta.

A primeira planta consta de : un aula de Primeiro de 1º e 2º curso de Educación Primaria; dúas aulas para 3º e 4º de Primaria; dúas para 5º e 6º de Primaria; aula de Música e aula de Inglés; un laboratorio utilizado como, medios audiovisuais e informáticos. Esta planta conta tamén cunha aula de apoio de PT e AL;; unha sala de material; servizos de nenos/as e dous rochos.

Patios e edificios anexos.

O Centro consta do propio edificio e unha zona de patios de recreo que o rodean, cercados por valas de cemento e redes metálicas.

Nun dos patios hai un pavillón cuberto, utilizado como Polideportivo e dúas zonas laterais de xogos. Na parte frontal do edificio hai unha pequena zona axardinada na cal hai un pequeno parque infantil.

As necesidades do Centro en canto a mantemento e conservación, reparacións e ampliacións, fanse constar cada curso escolar na Programación Xeral Anual, sendo trasladadas á Administración Educativa, á Inspección e ao Concello de Vilalba.

E) Oferta educativa.

Educación Infantil: ofertase o 2º ciclo de educación infantil.

Educación Primaria: ofertase todos os cursos da etapa de educación primaria.

F) Servizos Educativos Complementarios.

- **Comedor.**

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

O Comedor escolar é de xestión directa, o cal asiste a totalidade do alumnado no presente curso 2018/2019.

- **Tranporte Escolar.**

Actualmente dispónse de catro liñas de transporte escolar, tendo unha delas parada na vila de Vilalba. Para consultar as liñas de transporte deben dirixirse a dirección do centro.

CATALOGO DE POSTOS DE TRABAJO DOCENTES.

Educación Infantil	1
Lingua Inglesa	1
Educación Física	1
Educación Musical	1
Pedagogía Terapéutica compartido	1
Educación Primaria Francés	0
Educación Primaria	2
Orientación compartida	1
Relixión compartida	1
TOTAL:	9

POSTOS DE TRABAJO NON DOCENTES.

Cociñeiro/auxiliar	1/1
Conserxe	1

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

ORGANIGRAMA XERAL DO CENTRO:

DIRECTOR/A

CLAUSTRO DE PROFESORES

CONSELLO ESCOLAR

COMISIÓN ECONÓMICA

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

COMISIÓN DE BIBLIOTECA

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

EQ. DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA

EQUIPOS DOCENTES

EQ. ACT. EXTC. E COMPL.

EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXIAS.

EDUCACIÓN INFANTIL

PERSOAL NON DOCENTE

PAIS/NAIS/AMPA

CONCRECIÓN DUNHA ESTRUTURA:

Co fin dunha boa organización do Centro, é posible diferenciar os elementos que se explicitan no anterior organigrama, sen esquecer que é preciso que non só os mestres, senón toda a Comunidade Educativa, se comprometan dun xeito coordinado, activo e responsable na educación dos alumnos.

Dentro deste organigrama destacan os seguintes estamentos:

Órganos colexiados de Goberno e de coordinación docente:

A) Órganos Colexiados de Goberno do Centro:

- **Consello Escolar**
- **Claustro de Profesores**

Os Órganos de participación no control e xestión do centro están formados por unha pluralidade de persoas físicas que acceden a formar parte do mesmo por designación ou elección.

O seu fundamento radica no principio de participación, xa que constitúen os medios a través dos cales os membros da comunidade participan na xestión e control do colexio a través dos seus representantes.

O Consello Escolar é o Órgano de representación e participación da Comunidade Educativa, por excelencia. As súas funcións están reguladas na LOMCE Capítulo III, artigos 126, e 127 .

O Claustro de profesores e as súas atribucións están reguladas na LOMCE Capítulo III, artigos 128 e 129, sendo o órgano propio de participación dos profesores no control e xestión do centro.

B) Equipo Directivo. Dirección.

As competencias do Equipo Directivo e Director/a están recollidas na LOMCE, Capítulo IV, artigos: 131 e 132. Nun sentido organizativo e non xurídico, diríamos que é o/a Director/a a que asume a dirección e xestión

técnica do Centro no seu conxunto, correspondéndolle dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen perxuízo das competencias atribuídas ao Claustro e Consello Escolar, así como ostentar a representación do Centro.

Noutra orde de responsabilidades garantizará a mediación na resolución de conflitos impondo as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos tendo en conta os acordos expostos no Regulamento de Réxime Interno e Plan de Convivencia do centro.

C) Órganos de coordinación docente:

- **Equipos docentes:**

Os Equipos Docentes constitúen o eixe de coordinación horizontal do proceso de ensinanza-aprendizaxe que facilitan as agrupacións flexibles, as presentacións interdisciplinares, o intercambio de experiencias e recursos didácticos. Atribucións reguladas na LOMCE Capítulo III, artigo 130.

No Centro, atendendo a razóns organizativas e de funcionalidade, constituíense catro equipos:

- **Equipo de Educación Infantil.**
- **Equipo de de Educación Primaria.**

Orientarán a súa labor a:

- Unificación de criterios e coordinación de actuacións formativas: disciplina, integración, dificultades de aprendizaxe.
- Seguimento da dinámica dos grupos-clase e de casos individuais específicos.
- Coordinación de actuacións con outros ciclos
- Coordinación de actuacións escolares e extraescolares.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- Baixo a dirección e coordinación do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, planificación e realización destas actividades.
- Distribución, mantemento e coidado do material de ciclo
- Valoración e información sobre a promoción de ciclo.

Cada equipo de ciclo estará dirixido por un coordinador, que desempeñará as súas funcións durante dous cursos académicos, sempre que siga formando parte do ciclo, e serán designados polo director do centro, por proposta do equipo de ciclo. Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro.

- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

Terá como obxectivos fundamentais concienciar da importancia do galego como medio de relación e expresión e a participación na elaboración do Proxecto Lingüístico, e propoñer actividades para o fomento do uso do galego. As súas funcións aparecen reguladas no Decreto 374/1996.

- **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:**

Encargarase de promover, organizar e facilitar distintas actividades, previamente consensuadas polo Claustro de profesores, ou por distintos Equipos de coordinación docente, desenvolvemento as súas funcións, legalmente determinadas, dentro do seu ámbito de competencia.

A coordinación destes equipos, antes citados, será desempeñada polo director do centro o ser un centro de menos de 6 unidades, de acordo o Decreto 105/2014.

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:**

Establecerá as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo, o plan de acción tutorial, o proxecto lector, o

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

plan de introdución ás novas tecnoloxías, o plan de convivencia, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular.

A súa presidencia, como establece a normativa legal vixente será asumida polo/a Director/a do Centro.

- **Titores/as:**

O alumno, como ser en continuo proceso madurativo e evolutivo, necesita axuda e orientación para poder conseguir aquilo que a escola fixa como obxectivos instructivos e formativos, así mesmo, e dado que unha das funcións máis destacadas do titor é o asesoramento dos pais de cara a consecución dunha actuación coordinada centro-familia no proceso educativo, e a formación sobre a evolución persoal, integración no Centro e rendemento académico dos seus fillos, é polo que na Programación Xeral Anual (P.X.A.) fixarase unha hora de atención a pais. Seguiranse as pautas recollidas no Plan de Acción Titorial.

HORARIO DO ALUMNADO.

De outubro a maio	De 9:45 h. a 14:15 h. De 15:45 h a 16:15 h.
Os meses de xuño e setembro	De 9.45 h. A 14:30 De 14:30h a 15:15 h- comedor

- Para o profesorado: Ademais do horario do alumnado as horas establecidas computables pola dirección do Centro, de conformidade coa normativa legal vixente adicadas á coordinación dos Equipos docentes, titorías, sesións de Claustro, Consello Escolar, elaboración de Proxectos e plans didácticos, sesións de avaliación, etc...
- Para o persoal laboral: Os cociñeiros, de conformidade coa normativa legal vixente. O conserxe de conformidade co contrato suscrito entre o interesado e o Concello.

- **NECESIDADES EDUCATIVAS A SATISFACER.**

As necesidades educativas están en clara consonancia coa análise feita anteriormente sobre a situación socioeconómica, cultural e lingüística da zona. A tenor do exposto, as necesidades educativas a satisfacer na poboación escolar son as seguintes:

- Compensar a situación de partida desfavorecida de gran parte do alumnado, especialmente en cuanto á súa contorna cultural, tratando de chegar a unha situación de equilibrio co fin de asegurar a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- Formar cidadáns e cidadanas comprometidos coa igualdade de oportunidades de homes e mulleres, activos na loita contra o machismo que permanece en moitos ámbitos da sociedade.

II. NOTAS DE IDENTIDADE :

- **NEUTRALIDADE IDEOLÓXICA E PLURALIDADE.**

Este colexio maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada, perseguindo en todo momento unha educación pluralista, que capacite aos alumnos/as a vivir nunha sociedade plural onde se deben respectar os dereitos dos demais.

- **LINGUAS DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE.**

O C.E.I.P. Terra Chá de Román utiliza o Galego como lingua oficial de comunicación no seu ámbito interno administrativo e de relación, así como na actuación co exterior, a nivel burocrático coas diferentes institucións, empresas

ou persoas. Esta decisión, por outra parte amparada pola lei, está perfectamente asumida por tódolos sectores da comunidade educativa.

Para a potenciación da lingua galega elaborouse un Proxecto Lingüístico según especifica o artigo 14 do *DECRETO 79/2010, de 20 de mayo, para el plurilingüismo en la enseñanza no universitaria de Galicia*. que cada curso académico se incluíra na PXA, no que se inclúen os distintos obxectivos e actividades a desenrolar ao longo do curso académico, e a valoración do proxecto incluírase na memoria xeral anual.

No aspecto educativo, este Centro decide que o alumnado de Educación Infantil, de acordo coa lei, reciba o ensino en galego como lingua materna que é. En Primaria impártese en galego as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Galego, Música, Plástica e Educación Física, estas tres últimas dependendo do curso, de acordo o porcentaxe do 50% de número de horas de castelán e de galego que establece a LOMCE

- **VALORES PRINCIPIOS E FINES.**

Este centro practica unha educación para a igualdade, por iso é importante que o profesorado teña unha actitude tendente a superar condutas inapropiadas que incidan nos roles tradicionais de home e muller. Todo isto está recollido no Plan de Convivencia do Centro.

Enmarcados estes principios básicos de carácter xeral, que conforman os sinais de identidade do Centro, a liña metodolóxica a establecer non poderá ser rixida nin estrita.

Neste senso, o dominio das técnicas instrumentais básicas (comprensión, expresión, cálculo matemático), fundamentos das aprendizaxes posteriores, serán parte importante no noso traballo, no marco da formación integral do individuo. Tamén trataremos de fomentar, atendendo a un proceso activo de formación, actitudes de interese, curiosidade e gusto pola observación e experimentación.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

É importante salientar o valor da globalización e da aprendizaxe receptiva significativa, en canto condutora da información, para poder ser incorporada á estrutura cognoscitiva dos/as alumnos/as.

Na adquisición dos coñecementos, técnicas e procedementos, a comprensión, a memoria, a actividade investigadora, xogan todas elas un papel importante que potenciaremos.

Potenciarase a atención á diversidade de capacidades e ritmos evolutivos dos alumnos utilizando os recursos e estratexias axeitados a tal fin, e procedendo, cando se precise, á adaptación do currículo ás necesidades educativas especiais e á diversidade.

Potenciaranse as actividades complementarias e extraescolares de carácter lúdico-evolutivo, de tradición popular, como a celebración do Magosto, a Festa do Nadal, Entroido, Letras Galegas, saídas, etc..., que fomenten no alumnado valores de responsabilidade, organización, compromiso co medio no que vive...Para a realización destas actividades, os horarios serán flexibles, realizándose as modificacións que se consideren pertinentes.

Potenciarase, así mesmo, a relación con entidades, institucións e organismos que colaboren desinteresadamente có Centro na organización de actividades educativas: Casa da Cultura, Concello, outras institucións, etc...

Así mesmo, e dado que o Centro dispón de Aula de Música, Biblioteca, Aula de Inglés, Aula de usos múltiples e TIC, etc..., distribuirase a súa organización de xeito flexible, de cara a facer efectivo o uso alternativo de espazos distintos da clase, de conformidade coa área a desenrolar e ós alumnos cos que se traballe nese momento, utilizar tódolos recursos e materiais dos que dispoñamos no Centro.

Toda a Comunidade Educativa debe comprometerse coa labor formativa da escola, implicando este compromiso a colaboración e participación real e efectiva de todos os estamentos, no marco da normativa legal vixente e dun xeito responsable e constructivo que sirva de apoio e impulso ó Centro. A avaliación, que consideramos como algo inherente ao mesmo proceso educativo, será continua e global, servindo os seus resultados para realizar os

axustes e correccións necesarios. En relación ao alumnado, esta avaliación centrarase non só nas adquisicións respecto ós obxectivos fixados, senón tamén nas actitudes de cara ó traballo, ás actividades realizadas por eles, á súa autonomía na aprendizaxe e, en definitiva, aos múltiples aspectos que conforman a actividade formativa na escola. A avaliación farase de acordo co artigo 12 do Decreto 105/2014 e a Orde 9 de xuño do ano 2016.

PUBLICIADE DO P.E. O CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O PE, será dado a coñecer pola comunidade educativa principalmente a través da páxina web no centro educativo. Tamén estará unha copia do mesmo na dirección do centro educativo, e outra na sala de mestres.

Todos estes principios, en equilibrio, constituiranse na base dun proceso activo de formación nun marco de respecto mutuo, orde, diálogo, tolerancia e colaboración impulsado por unha adecuada motivación do alumno que facilite a aprendizaxe nun clima de afectividade, sen deixar a un lado a esixencia da necesaria disciplina e actitude responsable do alumno de cara ó traballo escolar.

III. OBXECTIVOS XERAIS:

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e do Centro, e tomando como referente os principios e valores da Constitución, da LOMCE, e de todas as demais leis que inflúen no proceso educativo pretendemos:

- Fomentar nos alumnos a capacidade de reflexión, análise e síntese.
- Potenciar unha ensinanza activa na que se desenrole a iniciativa e a creatividade.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- Fomentar a adquisición de hábitos de estudo e traballo.
- Desenvolar nos alumnos a actitude crítica de cara aos medios de comunicación: prensa, televisión, etc...
- Conseguir que os alumnos valoren e estimen a lingua e a cultura maternas respectando e valorando outras.
- Potenciar as relacións humanas.
- Favorecer a globalización e interdisciplinaridade no tratamento das diversas áreas de coñecemento, co fin de asimilar contidos significativos susceptibles de ser levados á práctica cotiá.
- Desenvolver aspectos de competencia lectora.
- Achegar aos alumnos as novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Conseguir que os alumnos posúan unha actitude de respecto de cara a sí mesmos, ás outras persoas, e cousas.
- Promover de cara á relación familia-escola sesións de entrevistas co profesorado do centro.
- Lograr unha acción coordinada da Comunidade Escolar.
- Promover e impulsar as relacións do Centro coas Institucións do seu contorno.
- Facilitar o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- Fomentar nos alumnos a responsabilidade de cara ao traballo persoal, cooperación en tarefas do Centro, compromiso coas normas, etc...
- Fomentar a solidariedade rexeitando as actitudes discriminatorias de calquera tipo.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- Potenciar a autoestima dos alumnos e a valoración das súas propias posibilidades.
- Avaliar e adaptar os obxectivos, en función das necesidades individuais (Programas de Adaptación Curriculares) para alumnos con necesidades educativas especiais.
- Procurar que os alumnos dispoñan no Centro da maior cobertura de medios técnicos e materiais que sexa posible, en prol da mellora da ensinanza.

PRIORIDADES DE ACTUACIÓN.

A continuación fíxanse unhas prioridades de actuación, en referente os obxectivos xerais citados anteriormente.

-Que o alumnado adquira un hábito de traballo e estudo diario, e das súas responsabilidades e deberes como alumno/a.

-Crear un ambiente de aprendizaxe onde prime o respecto hacia os demais, a igualdade entre homes e mulleres, e a non discriminación de ningún alumno/a durante as actividades tanto dentro como fóra do centro.

-Utilizar as TIC como medio de ensino na aula e como medio de aprendizaxe do alumnado, utilizando só recursos impresos só como algo complementario e aislado.

-Que o alumnado participe en actividades con diferentes tipos de institucións, asociacións, centros educativos para desenvolver a socialización e a integración co mundo social do seu entorno.

-Que as familias participen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, a través da súa colaboración implicación e dedicación o desenvolvemento académico e socio-cultural do alumnado.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- Promover a maior parte das aulas con PDI, e intentar promover o programa EDIXGAL no centro educativo.
- Promover os hábitos saudables, o exercicio físico e o coidado da saúde a través de múltiples actuacións.
- Atender adecuadamente á diversidade do alumnado.
- Potenciar a lectura comprensiva e expresiva en todas as áreas.
- Coidar a expresión oral e escrita (galego, castelán e inglés) para que conten cun vocabulario o máis amplo posible e sexan capaces de expresar con claridade o propio pensamento

PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

- Promover o estudo diario a través de pequenas tarefas diarias que desenvolverá o alumno fóra do centro educativo de acordo cos criterios de selección establecido para elo no claustro de cada curso escolar, e tamén co Decreto 105/2014 na disposición referente a tarefas extraescolares.
- Realizar un programa de habilidades sociais, charlas, coloquios e actividades cara a prevención de acoso escolar, problemas de conduta, a través de múltiples recursos como por exemplo o Plan Director para a convivencia.
- Elaborar un programa de actividades complementarias que abarque principalmente actividades que lles proporcionen novas situacións de aprendizaxe e contextos socioculturais novos que axuden a desenvolver a súa personalidade.
- Participar nos diferentes programas da Consellería de Educación para promover a práctica de deporte diario, e coidado da saúde, elaborando para elo un programa de vida saudable.

-Promover entre o profesorado a formación en TIC, e propoñer o centro educativo participar no programa EDIXGAL cara un ou dous cursos académicos posteriores.

COMPROMISOS EDUCATIVOS ENTRE AS FAMILIAS E O CENTRO.

-Que as familias do alumnado se impliquen día a día nas ensinanzas dos seus fillos, vendo a súa evolución académica, o que está a traballar e axudar a convatir as dificultades de aprendizaxe do seu fillo/a.

-Que asistan a titoria xeral de familias a principio de curso, e expoñan as súas ideas, acordos e desacordos para crear un clima de traballo produtivo e o máis gratificante tanto para as familias como o profesorado.

-As familias deben asistir con regularidade as sesións de titoría establecidas para elo, e que o titor/a informe debidamente da evolución académica do seu fillo/a.

-Colaborar no progreso académico dos seus fillos/as, a través da implicación e colaboración nos reforzos educativos que poda ter un alumno/a de cara alcanzar os obxectivos tanto dun curso como da etapa.

-As familias informarán o centro dos problemas, situacións de índole familiar que afecten directamente na educación dos seus fillos/as.

-Promover a participación da familia nas múltiples actividades que se presentan como clubs de lectura, festivais, excursións, actividades intercentros, exposicións, para ser parte activa no proceso de aprendizaxe do seu fillo/a.

-Na medida do posible que colaboren voluntariamente cos recursos que podan ofrecer, ven sexa económicos ou de calquer

outro tipo que favorezan e melloren a vida escolar no centro educativo ou os medios de ensinanza cara os seus fillos/as.

RELACIÓN FAMILIA-CENTRO EDUCATIVO: REUNIÓN GLOBAL A PRINCIPIOS DE CURSO.

No primeiro trimestre do curso académico e antes do mes de novembro os profesores, de cada etapa, realizarán conxuntamente a primeira reunión cos pais/titores de alumnos. Nesta reunión, a persoa designada explicará, entre outros temas, as normas polas que se rexe o Centro, de acordo cos seguintes criterios:

- Canles de comunicación entre profesores e pais.

-Horario de atención aos pais e normas no suposto de que non se poidan respectar.

AUSENCIA Á CLASE E XUSTIFICACIÓN DAS FALTAS, ASÍ COMO AS FALTAS DE PUNTUALIDADE E A SÚA XUSTIFICACIÓN.

No que respecta a educación infantil, aínda que é unha etapa voluntaria, e decir, de ensinanza non obrigatoria, as familias que matriculen os seus fillos/as no CEIP TERRA CHA, asumen unha serie de responsabilidades, como a asistencia a clase, compromiso de seguimento, apoio e interese nas ensinanzas dos seus fillos/as, facilitar a información necesaria o centro para mellorar e axudar nas ensinanzas dos seus fillos/as.

No que respecta a educación primaria, rexirarse por o protocolo de absentismo escolar promovido pola Consellería de Educación, que ten como criterio xeral, que se considera absentismo escolar cando o longo do mes o alumno/a non asistiu sin motivo xustifico o centro un 10% ou mais do horario lectivo mensual.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

Para a xustificación e comunicación das faltas de asistencia, dispónse dunha serie de procedementos nas NOF do CEIP TERRA CHA para levalo a cabo, e que serán explicadas as familias polo titor/a na reunión xeral a principios de curso.

Destacar que este protocolo está dentro dos plans e proxectos do P.E.

- Explicación dos criterios de avaliación.

- Envío trimestral de boletíns informativos, dos que os pais/ titores teñen que responsabilizarse da súa sinatura e devolver o correspondente xustificante.

- Proporcionar información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo, etc.. Destacar que o titor e o director na reunión xeral coas familias informará de estas cuestión.

- Aceptar as Tarefas, normas... para colaborar no fomento da convivencia.

CAPÍTULO 2:

ASPECTOS

ORGANIZATIVOS.

CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO E PARA A PLANIFICACIÓN EDUCATIVA DOS ESPAZOS E A ORGANIZACIÓN DO TEMPO EN EDUCACIÓN INFANTIL.

a) Criterios de agrupamento:

No referente os criterios para o agrupamento do alumnado, destacar que no centro o ter só autorizada e en funcionamento unha unidade de educación infantil, os alumnos/as matriculados estarán todos/as na mesma aula ata chegar a un máximo de 20 alumnos/as. Si en algún curso educativo sucede isto, autorizarase unha unidade máis de acordo coa *ORDE do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, establecendo como criterio de idade e de dificultade de adaptación o medio, que o alumnado de 4º de infantil esté só nunha unidade co seu titor correspondente, e 5º e 6º de infantil nunha mesma unidade. Destar que estas decisión serán consesuadas coa inspección educativa a cal dará o visto e prace das mesmas.

b) Planificación e organización de espazos en educación infantil.

A hora de tomar decisións relativas á organización do espazo convén ter en conta dous condicionantes previos: as características da arquitectura do edificio e a organización espacial.

Polo que respecta ás características do Edificio as calidades esenciais que no débense dar son:

- Adaptabilidade: que é a propiedade dun edificio de admitir cambios nas súas estruturas

- Flexibilidade: que fai referencia a que os espazos cumpran funcións variadas

Destacar que a aula de educación infantil así como a aula de rincón de xogos están pegadas unha a outra para unha maior accesibilidade dos nenos/as a elas, e sitúanse na planta baixa do edificio, o cal elimina as barreiras arquitectónicas das escaleiras, e que todos os alumnos/as de educación infantil accedan a zona de xogos exterior do centro educativo sin ningún tipo de barreira arquitectónica.

Destacar que a aula de rincón de xogos cumpre con diferentes funcións, como a de carácter lúdico, para facer os rincóns ou talleres, para establecer os segmentos de lecer de acordo a *Orde do 22 de xullo de 1997*, ou como aula TIC, xa que dispón dunha pizarra dixital interactiva.

Outro dos espazos para o alumnado de infantil e un patio exterior cuberto, que será onde o alumnado disfrute dos recreos ou incluso dos segmentos de lecer citados anteriormente, principalmente cando as inclemencias meteorolóxicas non son as apropiadas.

Destacar que as aulas de educación infantil cumpren cos requisitos establecidos no *Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan os ensinos do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria*.

c) Organización do tempo en educación infantil.

O horario lectivo do alumnado, incluídos os períodos de recreo, será de vinte e cinco horas semanais.

2. O tempo de recreo será de trinta minutos. A realización de calquera outra actividade fóra da aula responderá a criterios educativos e estará xustificada na programación de aula, ciclo e/ou a programación xeral anual.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

3. O horario escolar organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá prácticas que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividades e descanso das nenas e nenos, establecendo períodos de lecer cun máximo de 30 minutos globais de acordo a Orde do 22 de xullo de 1997.

4. A impartición da lingua estranxeira será dunha hora semanal para cada un dos cursos do segundo ciclo de educación infantil repartido en dúas ou máis sesión, de acordo a normativa.

5. As ensinanzas de relixión impartiranse ao alumnado cuxos pais/nais/titores legais así o soliciten dentro da xornada escolar e nun horario específico dunha hora semanal.

Por último, indicar diferentes propostas organizativas entre as que caben destacar: os recunchos e os talleres.

Os Recunchos e Talleres consisten en organizar a clase en pequenos grupos que efectúen simultaneamente diferentes actividades nun mesmo espazo. Con todo, existen diversas diferenzas entre o concepto clásico de taller e o de recuncho que me gustaría comentar a continuación: O recuncho fai referencia ao espazo e o taller á actividade. O recuncho sempre está na aula de educación infantil ou no rincón de xogos, e o taller pode levar a cabo na aula ou fóra dela. O recuncho os nenos son atendidos polo seu profesor- titor e nos talleres poden ser atendidos ademáis do titor por outro profesor especialista e por último O recuncho ten carácter permanente e o taller pode ir variando ao longo do curso.

No centro realizaránse cada ano talleres diferentes, que terán como temática un proxecto, o cal estará ligado íntimamente o proxecto desenvolto na biblioteca xa que está adscrita o PLAMBE, e este proxecto será variable de acordó as líneas de actuacións de carácter anual que se esixe dende PLAMBE, para as bibliotecas escolares.

d) Medidas organizativas e pedagógicas para o período de adaptación en educación infantil.

Segundo a *Lei Orgánica 2/2006, da Educación, no Artigo 120, modificada parcialmente pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*. Autonomía dos centro, establece: “Os centros programarán un período de adaptación, seguindo polo menos os seguintes criterios:

- *Iniciarase o primeiro día lectivo do calendario escolar.*
- *Non poderá prolongarse máis de dúas semanas.*
- *Será progresivo e continuado a partir da súa incorporación.*
- *Posible flexibilización da duración da xornada escolar.*

A nivel autonómico cabe facer referencia a *Orde do 22 de xullo de 1997 que regula a organización e funcionamento dos centros de educación infantil e primaria, e que nos dí o seguinte para o período de adaptación en educación infantil:*

- Participación e colaboración das familias neste período.*
- Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez o centro.*
- Actividades encamiñadas á mellor adaptación destes alumnos.*
- Flexibilización no tipo de agrupamento.*

Previa información ás familias e compromiso pola súa banda, para o que o titor/a antes do inicio das clases, realizará unha reunión xeral cos pais. Durante o período de adaptación a profesora de apoio axudará en todo momento ao grupo. Cabe destacar que durante o curso 2018/2019 en infantil haberá unha única unidade mixta con 4º 5º e 6º de infantil, polo que a adaptación da xornada escolar será consensuada coa titora de infantil, a cal establecerá

unha serie de criterios e acordos coas familias na entrevista inicial de curso.

O principal criterio que establece a titora para este curso 2018/2019 é que o alumnado de 4º de Educación Infantil comezará (voluntariamente) a xornada lectiva a partires das 11h da mañán, prologando a súa xornada ata finalizar o comedor escolar e vaian para as súas casas no transporte escolar, xa que todo o alumnado dispón destes servizos complementarios.

Destacar que si algún alumno de 4º de Educación Infantil non da aguantado ata o final da xornada escolar, comunicarase a familia.

Cabe destacar que para o curso 2018/2019 o período de adaptación finalizará o 25 de setembro do ano 2018 de acordo coa *Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

e) Entrevista individualizadas coas familias

A entrevista persoal coas familias realizarase durante a primeira semana do mes de setembro, para realizar o intercambio de información, o coñecemento mutuo, a participación no proceso educativo, así como na organización escolar.

A entrevista recompila unha información variada como:

- Datos do alumno
- Datos familiares
- Historia evolutiva do neno.
- Historia do desenvolvemento (alimentación, motricidade, control de esfínteres, linguaxe, soño, autonomía, relacións, características da personalidade.....)

f) Visitas a aula e instalación do centro.

Durante o período de matriculación o equipo docente realizará unha visita cos pais ás instalacións e dependencias escolares para que as coñezan e sexan informados da súa intencionalidade educativa. Estas visitas denomínanse como “Xornadas de portas abertas”.

g) Mecanismos de colaboración coa familia establecidos antes e durante o curso académico.

A función educativa dos centros de E.I. debe entenderse como complementaria da familia. As actividades para realizar para potenciar a participación e integración das mesmas, son as seguintes:

- Xornadas de achegamento, para que as familias coñezan o colexio, dependencias, instalacións, actividades, etc
- Entrevistas individuais, para intercambiar información en torno ao neno ou a nena e poñernos de acordo nas estratexias educativas.
- Reunións xerais, para tratar os seguintes temas, presentación do equipo docente, as liñas xerais do proxecto educativo e curricular, os obxectivos xerais, a metodoloxía que se vai a seguir, etc. Reunión para explicitar o marco organizativo e as normas que máis incumben ás familias.
- Participación desde as súas casa, coa achega de distintos materiais como fotografías, material de refugallo, o libro viaxeiro, o protagonista da semana....
- Participación no centro, confeccionando materiais para festas e talleres.
- Participación na aula, na posta en marcha de talleres de cociña, colaborando en actividades como contar un conto, falamos da nosa profesión....Participación en festas de aniversarios, o Entroido, Nadal, día da paz, fin de curso. Acompañar ás saídas.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

CAPÍTULO 3: ASPECTOS CURRICULARES.

1. OFERTA EDUCATIVA.

- Educación Infantil: ofertase o 2º ciclo de educación infantil.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- Educación Primaria: ofertase todos os cursos da etapa de educación primaria.

a) Oferta de materias troncais, específicas e de libre configuración en Educación Primaria

Neste apartado concrépanse as materias que se van a implantar na Educación Primaria no CEIP TERRA CHA, de acordó co *artigo 18 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

Materias troncais:

- a) Ciencias da Natureza
- b) Ciencias Sociais.
- c) Lingua Castelá e literatura
- d) Matemáticas
- e) Lingua estranxeira (inglés)

Materias específicas

- a) Educación Física
- b) Relixión ou Valores Sociais e Cívicos, a elección dos país, nais ou titores legais.
- c) Educación Artística. (Música e Plástica)

Libre configuración autonómica.

Lingua Galega e literatura

Libre configuración do centro educativo. (ver apartado de dedicación de horas de libre configuración)

b) Horas de libre configuración en Educación Primaria.

Co entrada en vigor da LOMCE concretada a través do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o curriculum de educación primaria na*

comunidade autónoma de Galicia, establécense unha hora de libre configuración do centro nos curso 4º e 6º de educación primaria. Neste centro educativo, apóstase por dedicar dita hora, reforzo e mellora dalgunha área en vez de crear unha materia específica, debido a ser só unha hora, e o ser unidades mixtas sería dunha gran complexidade horaria impartir dita materia e sería pouco productiva para o alumnado, por iso se aposta por o reforzo dunha área ou o equilibrio horario entre diferentes cursos.

En 4º de primaria auméntase unha hora a área de ciencias sociais, para a búsqueda do equilibrio horario con 3º de primaria, xa que estar nunha aula mixta a materia é dun carácter máis integral e socializadora, e de traballo grupal o ter a mesma carga horaria, o cal fai que se podan abordar o mesmo tipo de temática cunha dificultade diferente, que fai que os alumnos/as de 4º de primaria, podan por exemplo transmitir coñecementos os de 3º de primaria logrando un aprendizaxe socializador, inclusivo e integrador.

En 6º de primaria, apóstase polo reforzo da lingua castelá establecendo a mesma carga horaria que en 5º curso, polos mesmos motivos que as ciencias sociais en 4º de primaria, e tamén para que todos ou a maior parte dos alumnos/as non teñan dificultades lingüísticas nesta lingua, xa que non é a lingua predominante no centro nin no seu contexto sociocultural, xa que son galego falantes, e tamén para evitar o baixo rendemento nesta área lingüística evitando así desembocar en reforzos educativos, cualificacións negativas, e como consecuencia a exención da 2º lingua estranxeira en 1º da ESO.

c) Adecuación dos obxectivos o contexto socioeconómico e cultural do alumnado.

• **Obxectivos de educación infantil.**

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.*
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.*
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.*
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.*
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.*
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.*
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.*

- **Obxectivos de educación primaria.**

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.*
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.*
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.*
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.*
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.*
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.*

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.*
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.*
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.*
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.*
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.*
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.*
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.*
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.*

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

d) Lingua vehicular das materias.

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e tamén do que establece a LOMCE de que o 50% das materias ten que impartirse en castelán, a lingua vehicular en que se imparten as materias no curso 2018/2019 sería o seguinte:

1º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAI	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN/VSC	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X		
CASTELAN	X		X			X	X		X	
Nº HORAS	5	4	4	2	3	1	1	2	1	2

TOTAL HORAS EN GALEGO: 11

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 12

2º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAI	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X	X	X	X		
CASTELAN	X		X						X	
Nº HORAS	5	4	4	2	2	1	1	2	2	2

TOTAL HORAS EN GALEGO: 12

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

3º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAI	CIENCIA S SOCIAIS	MUSICA	PLASTIC A	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN/V SC	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X	X	

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

CASTELA N	X		X			X	X		X	
Nº HORAS	4	4	4	2	3	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 12

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

4º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X		
CASTELÁN	X		X			X	X		X	
Nº HORAS	4	4	4	2	3*	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 11

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

5º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X	X	
CASTELÁN	X		X			X	X			
Nº HORAS	5	4	4	2	2	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 12

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

6º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X	X	
CASTELÁN	X		X			X	X			
Nº HORAS	5	3	4	2	3	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 11

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

e) Decisións xerais sobre a metodoloxía.

- **Liña metodolóxica xeral do centro.**

Para establecer os principios metodolóxicos do centro, teremos en conta principalmente o *Decreto 330/2009 que regula o curriculum de educación infantil*, e o *Decreto 105/2014 que regula o currículum de educación primaria*.

O traballo basearase nuns principios metodolóxicos que parten dunha metodoloxía activa, participativa, comunicativa e inclusiva fomentando no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o traballo individual e colectivo, se converterá na base da súa formación e o capacitará para aprenderen a aprender e poderen seguir a facelo ao longo de toda a súa vida.

Desenvolverase o espírito crítico, a capacidade de discusión e a vontade colectiva de transformación da realidade social.

O labor educativo e disciplinario basearase no respecto mutuo, na responsabilidade, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

É practicamente imposible definir unha liña metodolóxica unitaria, dado que cada profesor/a, e especialmente cada materia segundo a súa propia natureza, aporta o seu propio estilo docente. Por isto, o CEIP TERRA CHA, lonxe de establecer unha liña metodolóxica ríxida que non deixe posibilidades de manobra, buscará o equilibrio e a complementariedade de métodos didácticos diversos. Buscaranse puntos de encontro entre eles primando:

A actividade práctica do alumnado, desenvolverá as seguintes estratexias metodolóxicas:

Actividades de aprendizaxe integrada na Educación Infantil e na Primaria lle axude a desenvolver as súas competencias básicas/clave como elemento primordial do currículo.

As **aprendizaxes significativas**, que lle axuden a construír o seu coñecemento,

A **aprendizaxe por descubrimento** do propio alumnado, que afiance con moita máis forza o aprendido e o motive a seguir a aprender,

A funcionalidade das aprendizaxes, para que o alumnado poida apreciar unha utilidade práctica neles,

A alternancia entre o **traballo individual e o traballo en grupo**, co fin de fomentar a reflexión individual á vez que as capacidades específicas para desenvolver o traballo en equipo.

Fomentarase o traballo coas TIC as cales estarán presentes na práctica docente, e o alumnado utilizará na súa labor de aprendizaxe tanto no centro educativo como fóra del, a través das actividades extraescolares que desenvolva.

f) Contribución da etapa o desenvolvemento das competencias clave/básicas.

As competencias clave, son aquelas capacidades que debe alcanzar o alumnado ao finalizar a súa ensinanza obrigatoria, para lograr incorporarse a sociedade activa na que vive, lograr a súa realización persoal, e realizar un aprendizaxe permanente ao longo da súa vida. Na etapa de educación infantil (comp.básicas) e na etapa de educación primaria (comp. Clave) contribuímos a consecución de cada unha delas a través de actividades e estratexias de traballo cooperativas (*Decreto 105/2014; artigo 5º*) onde a través das diferentes áreas que compoñen o curriculum á hora de traballar os contidos de cada unha delas, eses contidos relacionaranse coas múltiples competencias clave/básicas, e dicir, o que persiguen eses contidos é que o alumnado alcance esas competencias, e dicir, o que chamamos en educación o perfil competencial

Para isto é preciso unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe, o cal implica:

- Novos enfoques na aprendizaxe, que agora debe estar centrado no alumnado

como descubridor, tomando o profesorado o papel de facilitador de estratexias de aprendizaxe e de curador de contidos.

-Diseñar actividades de aprendizaxe integradas que permitan o alumnado avanzar hacia os resultados de aprendizaxe de máis de unha competencia o mesmo tempo.

- Novos enfoques na avaliación, o que supón un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas.

- Propostas metodolóxicas innovadoras.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emociónse outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Por todo o antedito, na etapa de educación infantil, e na de educación primaria sobre todo, prestarase unha atención especial á adquisición e desenvolvemento das competencias básicas ou clave, e fomentarse especialmente a correcta expresión oral e escrita, e tamén o uso do pensamento matemático a nivel instrumental.

g) Elementos transversais.

Neste apartado, cítanse os elementos transversais recollidos no *Decreto 105/2014 artigo 11º*, os cales se vai contribuir o seu desenvolvemento a través dos contidos que aparecen reflexados no curriculum de como de educación primaria.

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

2. A consellería competente en materia educativa fomentará a calidade,

equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe comprender, en todo, caso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

4. Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o

espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

5. No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

h) Criterios sobre a avaliación do alumnado.

Neste apartado compre realizar dous subapartados debido a que no CEIP TERRA CHA, se imparten dúas ensinanzas diferentes que son a Educación Infantil e a Educación Primaria, ambas rexidas por lexislación diferente.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Os criterios de avaliación para a Educación Infantil, ríxense pola *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O titor/a e os especialistas de relixión e inglés seguirán as seguintes indicacións con respecto a avaliación do alumnado:

Con respecto as programacións didácticas.

1. A programación didáctica é o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo.

2. A programación didáctica será elaborada polo profesorado que integra o equipo de ciclo e terá un carácter globalizado e integrador, atendendo á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen o ciclo, así como entre as áreas que integran o currículo.

3. As programacións didácticas incluírán, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, materiais e recursos, medidas de atención á diversidade, procedementos e instrumentos de avaliación, actividades complementarias e extraescolares, concreción do plan de convivencia e do plan das tecnoloxías da información e da comunicación para o ciclo.

4. As programacións didácticas de ciclo desenvolveráas cada mestra ou mestre en programacións de aula, organizadas en secuencias didácticas e/ou proxectos de traballo.

- **Con respecto á información ao alumnado e aos seus pais,nais, titores e titoras legais:**

Corresponde á titora ou ao titor informar regularmente aos pais e nais ou titores legais sobre os progresos e dificultades detectados e ter en conta as informacións que estes proporcionen.

A información recollida da avaliación continua trasladarase ás familias, como mínimo, nun informe escrito trimestral e de forma persoal tantas veces se estime oportuno para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo das súas fillas e fillos. Os centros educativos establecerán o contido e formato do documento de información ás familias nos cales se comunicarán os datos sobre os progresos e dificultades detectados na consecución dos obxectivos establecidos no currículo, sobre o proceso de integración socioeducativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio e reforzo educativo adoptadas ou propostas.

- **Momentos e tipos de avaliación.**

A avaliación na educación infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

A avaliación, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

Avaliación inicial

Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.

2. A avaliación inicial completarase coa información obtida na observación directa por parte dos profesionais que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

3. O equipo educativo adoptará as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información. Estas decisións quedarán reflectidas no proxecto educativo.

Avaliación continua.

1. Ao longo do ciclo, e de forma continua, a persoa que exerza a titoría utilizará as distintas situación educativas para analizar os progresos e as dificultades do seu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

2. Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados

Avaliación final.

1. Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do

proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

2. Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerárase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e , se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao último curso do ciclo pode ser substituído por este informe final de ciclo, a criterio do equipo docente.

- **Documentos oficiais de avaliación.**

Os documentos oficiais de avaliación serían os reflexados na *ORDE do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia; e serían os seguintes:*

-Informe persoal

-Informe avaliación inicial.

-Informe anual de avaliación individualizado.

-Informe individualizado de final de ciclo.

- **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Utilizarase, na medida do posible unha variedade suficiente de procedementos e instrumentos de avaliación en cada área, co fin de poder avaliar os diferentes tipos de aprendizaxe e as diferentes capacidades.

- **Criterios para a selección e uso dos recursos materiais en Educación Infantil.**

Guiámonos polas características desta etapa, na que é moi importante a selección do material, que debe ser moi variado e que sirva para desenvolver as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e adecuadas ás súas posibilidades.

Dentro do material didáctico seleccionado temos: xogos educativos, material impreso, instrumentos de ritmo, pinturas, material de refugallo, materiais para elaborar outros materiais, etc...

A **elección** facémola en función de:

- Os obxectivos que se expoñen dentro da etapa.
- As situacións educativas.
- O nivel de desenvolvemento dos/ as nenos/ as.
- Das situacións que desexamos propiciar.

Outros aspectos que temos en conta á hora de seleccionar o material son:

- Que sexa seguro (Non perigoso).
- Resistente e duradeiro.
- Fácil de manexar.
- Finalidade pedagóxica.
- Atractivos.
- Polivalente.
- Que convide a experimentar.

Tamén debemos ter en conta onde o colocamos:

- Sempre situado ao alcance de todos/ as para que o poidan coller libremente.
- Colocado e clasificado segundo o taller ou recuncho ao que pertence

3. CRITERIOS DE EVALUACIÓN PARA A EDUCACIÓN PRIMARIA.

A lexislación para levar a cabo a avaliación de educación Primaria é a seguinte:

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o curriculum de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

a) Con respecto á información ao alumnado e aos seus pais,nais, titores e titoras legais:

1. Finalizada cada unha das sesións de avaliación, o profesorado titor informará por escrito as nais, os pais ou, de ser o caso, as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado dos resultados deste, da súa evolución académica e das medidas propostas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

2. O profesorado titor manterá unha comunicación fluída e regular co alumnado e coas súas familias, informándoos de todo o relativo ao proceso continuo da súa aprendizaxe, da forma de recuperar as aprendizaxes non acadadas e da valoración do propio esforzo.

3. Os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso á consulta dos documentos oficiais de avaliación e aos instrumentos e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas

b) Momentos e tipos de avaliación.

1. A avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

3. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Avaliación inicial.

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Avaliación continúa.

Esta avaliación realizarase durante todo o curso académico, vendo a evolución académica do alumno/a, logrando alcanzar os obxectivos propostos para o curso en concreto, e mecanismos de reforzo e recuperación para alcanzar o finalizar o curso académico aqueles obxectivos que non foron alcanzados por algún alumno/a no mesmo tempo/período que o resto do alumnado.

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora, quen levantará unha acta en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.

c) Documentos oficiais de avaliación.

Os documentos oficiais de avaliación para a etapa de educación primaria serán regulados pola *Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación da educación primaria.*

- *expediente académico*
- *actas de avaliación*
- *documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria,*
- *informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.*
- *historial académico*
- *informe persoal por traslado.*

d) Procedementos e instrumentos de avaliación.

Utilizarase, na medida do posible unha variedade suficiente de procedementos e instrumentos de avaliación en cada área/materia, co fin de poder avaliar os diferentes tipos de aprendizaxe e as diferentes capacidades.

e) Criterio de promoción de curso en Educación Primaria.

A decisión de promoción de curso e de etapa adoptáraa o equipo de profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos/as, tendo a decisión final o titor, de acordo o artigo 6 da orde de avaliación do 2016, o artigo 12 do Decreto 105/2014 e o artigo 20 da LOMCE, establecemos o seguinte para a promoción de curso:

No que reflicte a etapa de educación primaria, de acordo co LOMCE e a Orde de avaliación, terase moi en conta o grado de adquisición das competencias clave, realizarase a avaliación inicial en cada curso de primaria, e seguindo as recomendacións do artigo 20 da LOMCE, no cal non se especifica con qué áreas pode ou non pode promocionar o alumnado, pero si si fai hincapé con que o alumando alcance os obxectivos fixados e se valore o grado de adquisición da competencia matemática e da lingüística. Tendo isto en conta os criterios de promoción para a etapa de educación primaria sería o seguinte:

Un alumno/a promocionará de curso con dúas materias suspensas sempre que non sexan matemáticas e lingua castelá ou lingua galega. Non promocionará con tres áreas suspensas, agás si os membros do claustro que imparten clase

a ese alumno/a decidan o contrario por unanimidade tendo en especial consideración a opinión do titor/a, e que para o curso seguinte dito alumno/a siga un plan específico de reforzo e recuperación.

- **Criterios para outorgar as mencións honoríficas en Educación Primaria.**

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; establece no artigo 5 o seguinte con respecto o outorgamento das mencións honoríficas:

4. Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

5. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

Ante isto o criterio que establece o CEIP TERRA CHA para outorgar unha mención honorífica a un alumno/a de Educación Primaria é o seguinte:

Un alumno/a outorgaráselle unha mención honorífica cando teña unha cualificación de sobresaliente na área de matemáticas, de lingua castelá e de lingua galega.

Tamén se levará a cabo proposta de Mención honorífica a un alumno/a que obteña unha cualificación de sobresaliente en matemáticas ou nunha das linguas (castelá ou galego) e ademáis teña un rendemento que sobresaia satisfactoriamente da media do grupo clase no resto de áreas/materias.

- **Plan de Reforzo para o alumnado repetidor ou con materias pendentas**

Ver no apartado de Plans e proxectos. Plan de Reforzo para o alumnado repetidor.

- **Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas en educación primaria.**

Á hora de elaborar as programacións didácticas en educación primaria incluíran os seguintes apartados:

- a) *Introdución e contextualización.*
- b) *Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.*
- c) *Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.*
- d) *Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:*
 - 1º. *Temporalización.*
 - 2º. *Grao mínimo de consecución para superar a materia.*
 - 3º. *Procedementos e instrumentos de avaliación.*
- e) *Concrecións metodolóxicas que require a materia.*
- f) *Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.*
- g) *Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.*
- h) *Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.*
- i) *Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.*
- j) *Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.*
- k) *Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.*
- l) *Medidas de atención á diversidade.*
- m) *Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que*

corresponda.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

- **Estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe avaliábeis.**

Os estándares non son máis que a concreción dos criterios de avaliación establecidos no curriculum. Os principios metodolóxicos os cales vamos ter en conta para acadalos son unha metodoloxía activa, inclusiva, participativa e comunicativa.

En cada programación didáctica o mestre/a que imparta a materia utilizará os procedementos e instrumentos de avaliación que él considere máis oportunos para que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe establecidos no currículo, e establecerá os graos mínimos de consecución de cada estándar, que é o que acada o alumnado para superar determinada materia.

- **Criterios para a avaliación da práctica docente.**

De acordo coa Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 8; en cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.

b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.

c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.

d) Clima de traballo na aula.

e) *Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.*

As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

- **A acción tutorial.**

Xunto co departamento de orientación elaborárase un plan de acción tutorial encamiñado principalmente a:

- aprendizaxe de habilidades sociais
- hábitos de hixiene e alimentación
- orientación familiar.

4. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

a. Medidas organizativas.

-Procedemento xeral do reparto do alumnado en grupos.

Temos que ter en conta que o CEIP TERRA CHA é un centro incompleto, xa que non ten unha unidade para cada curso de educación infantil e primaria.

Actualmente en educación infantil hai unha única unidade, polo que todo o alumnado do 2º ciclo de educación infantil será escolarizado na mesma unidade.

En educación primaria establécense as seguintes medidas organizativas, de acordo as medidas ordinarias que se establecen do *Decreto 229/2011 de atención a diversidade*:

-1º e 2º curso: será escolarizado nunha única unidade para todas as materias, agás en música, plástica e educación física que será escolarizado nunha unidade con 1º 2º e 3º de educación primaria.

-2º e 4º curso: será escolarizado nunha única unidade para as materias de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Inglés e Relixión. Nas áreas de Matemáticas e lingua castelá e galega serán agrupamentos flexibles

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

(desgremamento nunha única unidade por curso) debido a dificultade académica e carga horaria destas áreas. Para finalizar destacar que 3º curso estará nunha única unidade con 1º e 2º en música, plástica e educación física; é 4º estará nunha única unidade con 5º e 6º en música, plástica e educación física.

-5º e 6º curso: será escolarizado nunha única unidade para as materias de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Relixión. Nas áreas de Matemáticas, Lingua castelá e galega e Inglés serán agrupamentos flexibles (desgremamento nunha única unidade por curso) debido a dificultade académica e carga horaria destas áreas. Para finalizar destacar que 5º curso estará nunha única unidade con 4º e 6º en música, plástica e educación física.

Para concluir destacar que o centro como se pode observar ten 4 unidades autorizadas pola Xefatura Territorial, pero en funcionamento ten 6 unidades de acordo o Decreto 229/2011 de atención a diversidade.

CAPÍTULO III:

NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA

1. PLAN DE CONVIVENCIA

Ver documento anexo: *Plan de Convivencia*

2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

Ver documento anexo: *Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia*

3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Ver documento anexo: *Plan de Autoprotección*

4. PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Ver documento anexo: **Proxecto lingüístico.**

5. PROXECTO LECTOR.

Ver documento anexo: **Proxecto lector.**

6. PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.

Ver documento anexo: **Proxecto de educación dixital.**

7. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

Ver documento anexo: **Plan de convivencia**

8. PLAN XERA DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Ver documento anexo: **Plan xeral de atención a diversidade.**

9. PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU CON MATERIAS PENDENTES

Ver documento anexo: **Plan de Reforzo para o alumnado repetidor.**

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

CAPITULO 4.
PROXECTO DE XESTIÓN
ECONÓMICA.

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

Este apartado terá como temática todo o relativo os recursos dos que dispón o centro e as cuestións económicas do CEIP TERRA CHA. Para unha maior aclaración deste apartado faremos unha división do mesmo.

1. Recursos educativos.

a) Espazos.

O Edificio onde está ubicado o Centro é de construción relativamente recente (1984), xurdindo este colexio da agrupación escolar dun conxunto de escolas unitarias.

A superficie ocupada polo edificio escolar, xardíns e patios de recreo é de 3.500 metros cadrados aproximadamente.

O edificio consta de dúas plantas. Na planta baixa están: dúas aulas de Educación Infantil; o); a sala de profesores/as; un despacho de Dirección e outro de Secretaría/ Xefatura de Estudos; comedor escolar, utilizado ocasionalmente para outras actividades; cociña; servizos de nenos/as, e profesorado; un dispensario médico, un vestíbulo e dúas escaleiras de acceso á primeira planta.

A primeira planta consta de : un aula de Primeiro de 1º e 2º curso de Educación Primaria; dúas aulas para 3º e 4º de Primaria; dúas para 5º e 6º de Primaria; aula de Música e aula de Inglés; un laboratorio utilizado como, medios audiovisuais e informáticos. Esta planta conta tamén cunha aula de apoio de PT e AL;; unha sala de material; servizos de nenos/as e dous rochos.

Patios e edificios anexos.

O Centro consta do propio edificio e unha zona de patios de recreo que o rodean, cercados por valas de cemento e redes metálicas.

Nun dos patios hai un pavillón cuberto, utilizado como Polideportivo e dúas zonas laterais de xogos. Na parte frontal do edificio hai unha pequena zona axardinada na cal hai un pequeno parque infantil.

As necesidades do Centro en canto a mantemento e conservación, reparacións e ampliacións, fanse constar cada curso escolar na Programación Xeral Anual, sendo trasladadas á Administración Educativa, á Inspección e ao

Concello de Vilalba.

b) Recursos TIC.

O centro educativo dispón dunha serie de recursos apropiada para as características do mesmo. Actualmente dispón de cinco aulas dixitais, con cada súa pizarra dixital interactiva, e ademáis disto todas as aulas dispoñen do seu propio ordenador como recursos educativo.

Destacar que durante o curso 2017/2018 o centro foi inmerso no programa Escolas Conectadas d Xunta de Galicia, polo que se mellorou notablemente a velocidade de conexión a internet, dotacións de máis puntos WIFI e dunha antena 4G

.

2. Proxecto de xestión económica.

Na actualidade non se concreta un proxecto como tal debido a que é un centro educativo pequeno. Destacar que o centro educativo ten un presuposto anual otorgado pola Consellería de Educación duns 13000euros para os gastos de funcionamento, e uns 22000euros para os gastos de comedor de xestión directa. Todo o referente os gastos de funcionamento tanto do centro como do comedor escolar, serán única e exclusivamente responsabilidade do Director do centro de acordo as diferentes normativas.

No referente os gastos de funcionamento abarcan principalmente o gasóleo para a calefacción, que sería arredor duns 6000e, seguido dos gastos de material escolar e de papelería e ofimática, uns 2000e e tamén dos gastos de telefonía arredor duns 1000e.

Destacar que o centro durante o curso 2017/2018 incrementou o gasto en profesorado itinierante, polo que para solventar estes gastos a Consellería de Educación facilitou uns 2000euros para sufragar os gastos deste persoal.

Tamén destacar que o centro ven recibindo de anos anteriores unha cuantía anual para a mellora da Biblioteca escolar dentro do PLAMBE, sendo a cuantía establecida para o curso 2017/2018 de 1000euros, gastados íntegramente en mellorar a Biblioteca Escolar con múltiples recursos educativos.

No tocante os gastos de comedor escolar, destacar que o principal gasto sería en comprar produtos alimentarios, que sería arredor duns 17000euros por curso escolar, seguido dos en gas propano que sería arredor de 1000euros por

curso ano natural, gastos en material de cociña e de servizo de mesas, arredor de 500euros anuais, e seguido do gasto en uniformes do persoal de cociña, que sería arredor duns 400euros anuais.

a) **Xustificación de gastos.**

Realizarase unha xustificación de gastos de acordó o *Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos no universitarios*, antes do 31 de xaneiro de cada ano, oído o claustro e o Consello Escolar.

No tocante a xustificación de gastos de comedores, realizarase unha por trimestre, outra anual e outra por curso académico de acordó a *ORDE do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*.

b) **Comisión Económica.**

Nos termos establecidos na normativa Decreto 374/1996 artigo 44, constituirase a Comisión Económica no seo do Consello Escolar e funcionará segundo estea establecido no regulamento de centro.

Como comisión delegada, será informada puntualmente da Xustificación de Gastos do centro, e poderá propór gastos e inversións para a mellora do centro.

3. Recursos complementarios:

Destacar que o centro no referente a gastos de funcionamento non dispón de ningún Plan para a obtención de recursos complementarios, o cal se pode establecer de acordó a *artigo 122º,3 da LOE.*, agás as aportacións que realizan institucións coma o Concello ou a Diputación, sendo estas aportacións principalmente en recursos didácticos como libros de lecturas, materiais....e tamén destacar as aportacións das editoriais, principalmente en libros de texto, material funxible e libros de lectura.

No referente o comedor escolar, destacar que existe un recursos complementario establecido no protocolo de comedor escolar do CEIP TERRA

PROXECTO EDUCATIVO DO C.E.I.P. TERRA CHÁ

CHA, que sería a aportación voluntaria das familias, que sería de 45euros para familias cun só membro escolarizado no centro, e de 75euros para familias con dous ou máis membros no centro. Destacar que as aportacións das familias rondan anualmente os 600euros no cómputo total de familias.

CAPÍTULO 5.

AVALIACIÓN.

1. AVALIACIÓN

O proxecto educativo será avaliado todos os anos a comezo de curso. Incorporaranse as modificacións oportunas, tendo en conta o informe do claustro e a valoración Consello Escolar.

Director.

Asdo: José Manuel López Barrio.

Roman, 9 de outubro de 2018.